

## Índice de vendas de comercio polo miúdo. Novembro 2005 COMUNICADO

### Vendas do comercio polo miúdo en Galicia no mes de novembro de 2005 similares ás do mesmo mes do ano 2004

No mes de novembro de 2005 o índice xeral de vendas de comercio polo miúdo decrece un -0,1% con respecto a novembro de 2004

O índice xeral de vendas de comercio polo miúdo rexistrou en novembro de 2005 unha diminución interanual do -0,1%, continuando o decrecemento iniciado no mes anterior; mantense a mesma diminución cando se corrixe do efecto producido polo calendario, debido a que o mes de novembro de 2005 presenta a mesma estrutura que o do ano 2004. No que vai de ano o índice xeral creceu un 3,6%, un 3,8% se se mide en termos de serie corrixida de calendario.

En termos correntes por tipo de produto vendido observamos que presentan taxas de crecemento negativas tanto os produtos de alimentación (-2,6%) como os produtos de equipamento da persoa (-4,4%), mentres que en equipamento do fogar (2,0%) e no grupo de outros produtos (2,2%) as taxas de crecemento anual son positivas.

#### Recupera o crecemento positivo o índice de grandes superficies

Atendendo ao tipo de actividade, o índice de comercio especializado aumenta nun 1,1% e o do non especializado decrece nun -3,6%; dentro deste último, o índice de grandes superficies aumenta nun 1,7%.


No acumulado do ano o índice do comercio especializado creceu un 5,5% e o índice do non especializado decreceu un -1,0%. O índice acumulado de grandes superficies creceu un 3,0%.

### Índice de vendas de comercio polo miúdo. Novembro 2005. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Xeral	126,5	-0,1%	3,6%
Xeral (corrixido de calendario)	127,0	-0,1%	3,8%
<b>Por actividade</b>			
Especializado	123,2	1,1%	5,5%
Non especializado	127,5	-3,6%	-1,0%
Grandes superficies	148,3	1,7%	3,0%

FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral dende 1999.



FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)